

I. DISPOSICIONES XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 4668** *Real decreto lei 9/2019, do 29 de marzo, polo que se modifica a Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, para a súa adaptación á actividade da estiba portuaria e se conclúe a adaptación legal do réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.*

I

O Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, deu cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 11 de decembro de 2014, recaída no Asunto C-576/13 (procedemento de infracción 2009/4052).

O Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, produce un claro efecto sobre o réxime de funcionamento das empresas titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías que operan no sector, cuxa obriga de pertencer ás sociedades anónimas de xestión de estibadores portuarios (SAXEP) desaparece, ao tempo que ten un indubidable efecto sobre a situación laboral dos traballadores da estiba portuaria, na medida en que a súa contratación deixa de facerse de forma prioritaria a través das referidas SAXEP.

Agora ben, tendo en conta o cambio substancial que implicaba a nova regulación do sector, o propio Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se deu cumprimento á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea anteriormente referenciada, con obxecto de que se puidese levar a cabo un tránsito ordenado, recoñeceu un período transitorio de adaptación de tres anos contado desde o 14 de maio de 2017, co fin de facilitar a estabilidade do emprego dos traballadores das SAXEP, en particular para garantir o mantemento dos seus dereitos, no tránsito ao novo escenario de liberdade competitiva.

Neste mesmo sentido, co fin de posibilitar unha rápida adaptación ao carácter irregular da prestación dos traballadores portuarios, e sen prexuízo da actividade das empresas de traballo temporal, o Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, estableceu, no seu artigo 4, a posibilidade de crear centros portuarios de emprego (CPE) cuxo obxectivo deberá ser a contratación de traballadores portuarios para ser postos á disposición de empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais portuarios, engadindo seguidamente que aos ditos centros portuarios de emprego lles serán de aplicación a Lei 14/1994, do 1 de xuño, que regula as empresas de traballo temporal, e a restante normativa aplicable a estas empresas.

Transcorridos case dous anos desde a entrada en vigor da norma e cando a penas queda un ano para a conclusión do período transitorio, realizouse unha análise da evolución e da situación actual do sector tanto desde o punto de vista da competencia como do emprego, o cal puxo de manifesto a necesidade de completar a regulación normativa co fin de garantir un réxime de libre competencia nun marco laboral que asegure tanto a continuidade, regularidade e calidade do servizo de manipulación de mercadorías como a protección dos traballadores. Competencia, calidade no emprego e protección dos traballadores son recoñecidos como principios e obxectivos na normativa da Unión Europea. Así, o artigo 101 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE) declara incompatibles co mercado interior e quedarán prohibidos «todos os acordos entre empresas, as decisións de asociacións de empresas e as prácticas concertadas que poidan afectar o comercio entre os Estados membros e que teñan por obxecto ou efecto impedir, restrinxir ou falsear o xogo da competencia dentro do mercado interior». Pero ao mesmo tempo, as disposicións da Unión Europea recoñecen a necesidade de lexislacións nacionais que garantan a protección dos dereitos dos traballadores e o logro dos obxectivos recollidos no artigo 145 do TFUE, «en particular, potenciar unha man de obra

cualificada, formada e adaptable e mercados laborais con capacidade de resposta ao cambio económico, con vistas a lograr os obxectivos definidos no artigo 3 do Tratado da Unión Europea».

Por tanto, resulta esencial e urgente completar a regulación incluída no Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, cos mesmos principios que o inspiraron. É dicir, co obxectivo de conxugar os principios de liberdade de contratación cos dereitos dos traballadores, de maneira que se produza un tránsito ordenado ao novo marco en que a aplicación dos principios do dereito da Unión Europea inspiradores da liberdade de competencia se leve a efecto sen menoscabo dos dereitos laborais básicos dos traballadores e, sobre todo, sen mingua do emprego no sector.

Para tales efectos, para a regulación das medidas recollidas no presente real decreto lei tivéronse en conta ambos os principios e obxectivos; realizouse unha análise de competencia de acordo cos criterios e ferramentas para a avaliación da competencia da OCDE que, pola súa vez, recolle os principios básicos internacionalmente aceptados para establecer unha regulación eficiente e favorecedora da competencia: (i) Principio de necesidade e proporcionalidade, (ii) Principio de mínima distorsión, (iii) Principio de eficacia, (iv) Principio de transparencia e (v) Principio de predictibilidade.

De acordo co primeiro dos principios, considerouse que toda norma que introduza restricións á competencia debe vir precedida dunha definición dos seus obxectivos e dunha clara xustificación da introdución das restricións (existencia dunha relación de causalidade entre a restrición á competencia e a consecución do obxectivo). No presente suposto, considérase que a norma proposta non introduce restricións á competencia pero, aínda así, cada medida cumpre co principio de necesidade, como se xustificará ao longo do expositivo.

En segundo lugar, ese mesmo principio de necesidade e proporcionalidade pretende evitar que os instrumentos en que se materializa unha posible restrición supoñan só unha mellora relativa ou marxinal en termos de benestar social pero que, ao mesmo tempo, xeren un grave dano neste debido ás importantes restricións á actividade económica que impoñen. En aplicación deste principio ao dereito español e en relación co caso concreto, débese ter en conta o artigo 5 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado (LGUM). Este artigo dispón que calquera límite establecido a unha actividade económica deberá motivar a súa necesidade nunha das razóns imperiosas de interese xeral do artigo 3.11 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Así mesmo, deberá ser proporcionado á razón invocada e deberá de ser tal que non exista outro medio menos restritivo ou distorcedor para a actividade económica.

A Sentenza do TXUE do 11 de decembro de 2014, ditada no Asunto C- 576/13, produce un claro efecto sobre o réxime de funcionamento das empresas titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías que operan no sector, cuxa obriga de pertencer ás sociedades anónimas de xestión de estibadores portuarios (SAXEP) desaparece, ao tempo que ten un indubidable efecto sobre a situación laboral dos traballadores da estiba portuaria, na medida en que a súa contratación deixa de facerse de forma prioritaria a través das SAXEP. Sen prexuízo da obriga do Reino de España de cumprir coa dita sentenza, cómpre conxugar na aplicación a dobre dimensión, empresarial e laboral, de maneira que se produza un tránsito ordenado a un novo marco en que a aplicación dos principios do dereito da UE inspiradores da liberdade de competencia se leve a efecto sen menoscabo dos dereitos laborais básicos dos traballadores e facilitando a estabilidade no emprego. Trátase, por tanto, de buscar o punto de equilibrio na aplicación práctica da mencionada sentenza, evitando a situación de conflito entre as liberdades económicas e os dereitos sociais, unhas e outros amparados e soporte do acervo comunitario ou, polo menos, reducindo ao mínimo os seus efectos. Non cabe dúbida de que se trata dunha das razóns imperiosas de interese xeral que integran o contido do mencionado precepto (artigo 5 da LGUM) por remisión ao artigo 3 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu

exercicio, en particular, no seu punto 11, sobre a protección dos dereitos e a seguridade dos traballadores.

E isto faise respectando os criterios do principio de mínima distorsión, segundo dos analizados, por canto se remiten distintas cuestións relativas á organización da actividade produtiva ao ámbito da negociación colectiva, cumprindo así, coa exixencia dos tratados da Unión Europea, cando sinalan que, para abordar as cuestións laborais, a vía prioritaria debe ser a negociación e o acordo entre representantes dos axentes implicados (empresarios e traballadores). Estas remisións á negociación introdúcense nos artigos 3 e 4 deste real decreto lei.

De maneira excepcional, e tendo en conta a singularidade do sector –e en particular a natureza coercitiva da pertenza ás SAXEP ata a entrada en vigor do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio,– outórgaselles aos axentes sociais a posibilidade de establecer a subrogación obrigatoria de parte do persoal das SAXEP para casos en que certas empresas desexen separarse destas, posibilidade que se poderá exercer durante o período transitorio establecido no Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio. Prevese, para este suposto, que os sistemas de asignación de traballadores ás empresas saíntes deban ser transparentes, obxectivos e equitativos. Trátase, pois, dunha potestade extraordinaria xustificada por certos trazos exclusivos do sector e unicamente aplicable durante o proceso de transición á súa liberalización.

O principio de eficacia supón a capacidade da norma de alcanzar os obxectivos ou efectos que se desexa e no presente caso, a conxugación da remisión á negociación colectiva para garantir a estabilidade no emprego produce o efecto querido da transición ordenada no plano laboral cara á apertura da competencia, que se reforza coas medidas establecidas nos artigos 3 e 4 deste real decreto lei.

O principio de transparencia implica a existencia de transparencia e claridade no marco normativo, no proceso de elaboración das normas e na súa execución.

O principio de predictibilidade comporta ofrecer aos operadores un marco estable e sólido, sen incertezas, que lles proporcione seguridade xurídica, o cal se logra dado o rango da norma que se aproba e o obxectivo e ámbito desta, consolidar o marco de liberalización dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías iniciado coa entrada en vigor do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio.

Comprobouse, igualmente, ademais dos anteriores principios, que as medidas de carácter permanente incluídas na norma proxectada non producen efectos negativos sobre a competencia, polos seguintes factores: (i) non se produce unha limitación do número ou variedade de provedores. Ben que se lles exige aos socios dos centros portuarios de emprego, no novo artigo 18 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, que introduce o punto dous do artigo 2, que estes deberán obter ou ser titulares da licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías outorgada de acordo cos artigos 109 e seguintes do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 do setembro, ou norma que o substitúa, non supón unha restrición á competencia, posto que para tal prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías xa é imprescindible obter a dita licenza e, por outro lado, os centros portuarios de emprego convivirán coas empresas de traballo temporal. A liberdade e a competencia dos axentes neste sector resulta así preservada; (ii) os centros portuarios de emprego e as empresas temporais de emprego compiten en plena igualdade de condicións, polo que non se limita a capacidade competitiva dos axentes do sector; (iii) non se reducen os incentivos dos axentes para competir e (iv) non afecta as alternativas e información dos consumidores.

II

Co obxecto de permitir unha rápida adaptación ao carácter irregular da prestación dos traballos portuarios, e sen prexuízo das empresas de traballo temporal ou outras que estean constituídas ou se poidan constituír para estes efectos consonte a lexislación vixente, o artigo 4 do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, prevé a posible creación de centros portuarios de emprego (en diante, CPE) cuxo obxecto sexa o emprego dos

traballadores portuarios no servizo portuario de manipulación de mercadorías, así como a súa cesión temporal a empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario. A súa creación requirirá a obtención da autorización exixida no artigo 2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, que regula as empresas de traballo temporal.

Ao mesmo tempo, a disposición transitoria primeira do mesmo Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, establece un período transitorio de adaptación de tres anos, durante o cal as actuais SAXEP podían subsistir, salvo que se extinguisen previamente, mantendo o seu obxecto social de posta á disposición de traballadores portuarios a titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización para a prestación de servizos comerciais, independentemente de que sexan ou non accionistas. Rematado ese período transitorio, as SAXEP que permanezan poderanse extinguir ou continuar a súa actividade, de obteren a autorización exixida no artigo 2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño.

O artigo 2 contén as modificacións necesarias da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, co fin de adaptar a actual regulación legal das empresas de traballo temporal ás especialidades que presentan os centros portuarios de emprego. Para iso modifícase, en primeiro lugar, o artigo 1 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, co fin de integrar dentro do concepto de empresa de traballo temporal a figura dos centros portuarios de emprego e, en segundo lugar, engádese un novo capítulo V na dita lei onde especificamente se definen e regulan as características e o modo de funcionamento dos centros portuarios de emprego. Garántese así que todos os operadores, CPE e ETT, compitan en igualdade de condicións na prestación de servizos de posta á disposición.

Dous son os elementos fundamentais que xustifican a singularidade das regras contidas neste novo capítulo V:

O primeiro, a limitación do ámbito funcional ou sectorial en que van poder operar os centros portuarios de emprego, que queda reducido á actividade da estiba portuaria. A diferenza do carácter multisectorial que poden presentar as usuarias das empresas de traballo temporal, os traballadores que ocupen os CPE unicamente van poder ser postos á disposición de empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais portuarios.

A segunda especialidade, de non menor relevancia, constitúea o feito de que a gran maioría do persoal pertencente aos CPE conta cun contrato de traballo por tempo indefinido. O tránsito ordenado dos estibadores portuarios desde as anteriores SAXEP aos novos CPE vai implicar a incorporación ao cadro de persoal destes últimos dun continxente de traballadores cun contrato fixo, realidade que necesariamente se debe ter en conta na regulación desta figura.

Por todo isto, mantendo a obriga dos CPE de obter a correspondente autorización administrativa, introdúcese no capítulo V regulador dos centros portuarios de emprego algunhas especialidades en materia de estrutura organizativa e garantía financeira que respondan ás singularidades antes mencionadas.

Ao anterior engádense algunhas singularidades en relación co cumprimento das obrigacións de información e de tipo documental, co dobre fin de evitar que supoñan un elemento de distorsión e de contribuír a unha maior axilidade e eficacia na xestión tanto das contratacións como das correspondentes postas á disposición.

A regulación complétase coa adición dunha nova disposición adicional en que se prevé que ás empresas de traballo temporal que desenvolvan actividade no sector portuario se lles apliquen as singularidades da nova regulación dos CPE en materia de estrutura organizativa e garantía financeira, respecto dos traballadores do sector.

Para abordar a dimensión laboral, os propios tratados da Unión Europea sinalan, como se indicou anteriormente, que a vía prioritaria debe ser a da negociación e o acordo entre os representantes dos axentes implicados, as empresas e os traballadores portuarios, ao mesmo tempo que as normas de desenvolvemento da Unión Europea recoñecen igualmente a necesidade de disposicións para protexer os traballadores en supostos concretos, en particular para garantir o mantemento dos seus dereitos. Liberdade de

establecemento e protección dos dereitos dos traballadores convértense en piares básicos deste proceso de transformación do sector.

En primeiro lugar, o artigo 3 recoñece ás empresas titulares da licenza de servizo portuario de manipulación de mercadorías, na súa condición de empregadoras, o exercicio das facultades de dirección, organización e control da actividade laboral dos traballadores portuarios, nos termos previstos no artigo 20 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro (en diante, TRLET), entre as cales se entende incluída a de designar o persoal necesario para realizar cada unha das actividades portuarias.

O artigo 4 recolle expresamente dous supostos en que as organizacións sindicais e asociacións empresariais poderán establecer as medidas necesarias para o mantemento dos dereitos dos traballadores co fin de garantir o principio de estabilidade e calidade no emprego, así como a protección dos dereitos dos traballadores: o primeiro, cando as empresas titulares das licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías opten por deixar de ser accionistas das SAXEP, producíndose o decrecemento da actividade desta. Esta opción poderán efectualala ata a finalización do período transitorio que conclúe o 14 de maio de 2020 tendo en conta que, chegado ese momento, deberán extinguirse ou transformarse en CPE; o segundo, cando as SAXEP opten por transformarse en CPE, opción que igualmente deberá realizarse dentro do mesmo límite temporal.

Por tanto, a norma recolle unha habilitación legal para que, a través da negociación colectiva, se poida acordar unha subrogación obrigatoria de traballadores, no primeiro dos casos, cando as empresas titulares das licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías opten por deixar de ser accionistas das SAXEP, e se produza o decrecemento da actividade. Esta habilitación terá unha vixencia temporal limitada dado que finalizará cando conclúa o período transitorio de adaptación de tres anos que recoñeceu o Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, e aplicable unicamente aos traballadores que, na entrada en vigor daquel, estivesen prestando servizos portuarios de manipulación de mercadorías e sigan prestándoos cando entre en vigor o presente real decreto lei.

Desde a perspectiva da normativa da Unión Europea, debe destacarse que o TFUE establece como unha das liberdades fundamentais a liberdade de establecemento. Esta liberdade só pode ser restrinxida por razóns imperiosas de interese xeral, e precisamente a protección dos dereitos dos traballadores é unha destas razóns, tal e como foi recoñecido polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en numerosas ocasións (véxanse, entre outros, a Sentenza do 11 de decembro de 2007, ditada no asunto C-438/05; os casos acumulados C 369/96 e C 376/96 Arblade e outros [1999] ECR I 8453, parágrafo 36; Caso C 165/98 Mazzoleni e ISA [2001] ECR I 2189, parágrafo 27; Casos C 49/98, C 50/98, C 52/98 a C 54/98 e C 68/98 a C 71/98, Finalarte e outros [2001] Rec. I 7831, parágrafo 33). Para estes efectos, a necesidade de garantir a estabilidade no emprego dos traballadores e os seus dereitos adquiridos permitindo a competitividade do sector nunha situación transitoria é o obxectivo principal desta disposición. É o interese superior de protección dos traballadores o que xustifica esta medida adicional para o marco xurídico do sector da estiba en España. En todo caso, a concreción da subrogación deberse facer vía convenio colectivo e o mecanismo subrogatorio que, de ser o caso, poida acordarse deberá ser transparente, obxectivo e equitativo, tal e como recolle expresa e especificamente o artigo 4, respectando así os criterios de transparencia, obxectividade e igualdade de trato recollidos na Directiva 2001/23/CE, do 12 de marzo, de aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas ao mantemento dos dereitos dos traballadores en caso de traspasos de empresas, de centros de actividade ou de partes de empresas ou de centros de actividade, traspоста actualmente no noso ordenamento nacional no artigo 44 do TRLET.

O segundo dos supostos previstos no artigo 4 do presente real decreto lei, cando as SAXEP se transformen en CPE, dota igualmente de seguridade xurídica o período transitorio de adaptación. Como se indicou anteriormente, durante o período transitorio as SAXEP poden transformarse en CPE. Así mesmo, finalizado o período transitorio as SAXEP que non se extinguísen poderán continuar a súa actividade de obteren as autorizacións exixidas pola Lei 14/1994, do 1 de xuño, que regula as empresas de traballo temporal. Nestes casos, a

entidade económica mantén a súa identidade, é dicir, mantén o seu obxecto consistente no emprego de traballadores da estiba portuaria para a súa posta á disposición, de forma temporal, de empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías. Por tanto, é necesaria a aplicación das disposicións que tanto desde a perspectiva da Unión Europea como na súa transposición ao ordenamento nacional se aprobaron para protexer os traballadores e garantir o mantemento dos seus dereitos, nos termos previstos na Directiva 2001/23/CE, do 12 de marzo, anteriormente referenciada e, en consecuencia, no artigo 44 do TRLET.

O artigo 5 modifica o artigo 3.1 do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, para recoller que os alumnos que se encontren cursando o certificado de profesionalidade de «Operacións portuarias de carga, descarga, desestiba e transbordo» poidan, a través dun contrato para a formación e a aprendizaxe, realizar labores de estiba e acreditar as horas necesarias para o módulo de prácticas laborais non profesionais.

Finalmente, o real decreto lei inclúe dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira establece a necesidade de que o Ministerio de Fomento remita anualmente á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos un informe que recolla a evolución da liberalización do sector da estiba.

A disposición adicional segunda establece un prazo de nove meses para a adaptación ao presente real decreto lei das normas convencionais vixentes.

A disposición derogatoria afecta dúas disposicións do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, que quedan substituídas pola regulación recollida no presente real decreto lei.

A disposición derradeira primeira corresponde ao título competencial.

A disposición derradeira segunda pretende recoller unha singularidade no artigo 75 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, de maneira que a existencia dun mínimo de operación no concepto de aterraxe e servizos en tránsito de aeródromo non penalice o transporte comercial en helicóptero que se realiza nos heliportos de Ceuta e Algeciras, pois é urxente a súa adopción para reducir a presión sobre os operadores de helicópteros que prestan o servizo nos heliportos de Ceuta e Algeciras, contribuíndo por tanto a que tales servizos poidan resultar viables economicamente e beneficiar claramente a cohesión territorial e a conectividade de ambas as rexións, por canto permite o transporte por vía aérea dos cidadáns, en particular de Ceuta coa Península, e ao non existir na práctica un modo de transporte aéreo alternativo para estes territorios, por non dispor dunha infraestrutura aeroportuaria que permita a operación de aeronaves diferentes aos helicópteros.

A disposición derradeira terceira modifica o artigo 67 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co fin de adaptar a declaración de Servicios y Estudios para la Navegación Aérea, SME (Senasa), como medio propio á nova regulación da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público, resultando necesaria e inaprazable tal adaptación co fin de dotar as autoridades nacionais en materia de seguridade aeronáutica do instrumento necesario para dar unha adecuada resposta ás crecentes exixencias en materia de seguridade aérea, con fortes crecementos no tráfico aéreo, diversos cambios tecnolóxicos e regulatorios.

A disposición derradeira cuarta establece que o real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

III

Tanto a modificación da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, como a conclusión da adaptación do réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías son esenciais para poder culminar a transformación ou extinción das SAXEP garantindo a estabilidade no emprego, nun marco de libre competencia, antes da finalización do período transitorio e, por tanto, constitúe unha situación de extraordinaria e urxente necesidade que xustifica unha acción normativa do Goberno ao abeiro do artigo 86.1 da Constitución española.

En efecto, o requisito da extraordinaria necesidade concorre ao ser imprescindible pola necesidade de dar, de maneira urxente, seguridade ao réxime xurídico da estiba, garantindo a transición ordenada no proceso de transformación ou extinción das SAXEP. Esta necesidade imponse como unha obriga ao lexislador, que non pode ser desatendida pola súa importancia esencial para o desenvolvemento normal da actividade da estiba nos portos.

Respecto ao presuposto habilitante de urxencia na aprobación deste real decreto lei, é inaprazable pois a indeterminación en que se encontra o réxime xurídico aplicable causou unha grande inestabilidade no sector. É preciso pór fin á dita situación.

Así mesmo, débese ter en conta que coa aprobación do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, se deu cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, ditada no Asunto C-576/13 (procedemento de infracción 2009/2045). Porén, a partir da tramitación do desenvolvemento regulamentario referido na citada norma e da denuncia presentada ante a Comisión cos riscos de apertura dun novo procedemento de infracción consecuencia desta, o seguimento das institucións comunitarias sobre as reformas no sector intensificouse neste último período e instáronse as autoridades nacionais para garantir a efectividade do novo marco.

De todo o anterior resulta que, neste caso, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en tanto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional, que remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Así mesmo, o presente real decreto lei respecta os límites constitucionalmente establecidos para o uso deste instrumento normativo, pois non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas ni o dereito electoral xeral.

Neste sentido, debe indicarse que as materias que se abordan foron modificadas no pasado, atendendo a razóns de urxente necesidade, a través deste instrumento, como o Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio.

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o real decreto lei axústase aos principios de boa regulación e, en particular, aos principios de necesidade e eficiencia, e existen fundadas razóns de interese xeral para a súa aprobación.

Por unha parte, resulta evidente o principio de proporcionalidade, xa que as medidas recollidas nesta norma, tanto de regulación das especificidades das empresas de traballo temporal no ámbito da estiba como de medidas de organización do traballo da estiba e estabilidade do emprego, se axustan plenamente ao obxectivo que se pretende conseguir mediante este instrumento. Así mesmo, cumpre os principios de seguridade xurídica xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, asegurando a súa correcta incardinación e congruencia coa regulación vixente. Polo demais, a norma é coherente co principio de transparencia ao ter cumprido estritamente cos procedementos exixidos na tramitación dun decreto lei.

Por outra parte, as medidas contidas no real decreto lei son adecuadas e proporcionadas ás necesidades que exixen o seu ditado, sen que para estes efectos caiba considerar que existan outras alternativas menos restritivas ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios; mais ben ao contrario, tras a adopción desta norma con rango de lei estableceranse melloras substanciais no ámbito da estiba.

Por último, cómpre destacar que o pasado 20 de febreiro de 2019 se aprobou por unanimidade, na Comisión de Fomento do Congreso dos Deputados, unha proposición non de lei pola que «Se insta o Goberno a utilizar os instrumentos xurídicos necesarios para completar o réxime xurídico da estiba, de forma que, co máximo consenso posible no sector e respectando os principios da normativa europea, se inclúan as disposicións necesarias, do rango normativo que se requira, para dar cumprimento ao obxectivo de conxugar os principios de liberdade de contratación cos dereitos dos traballadores, conforme dispuxo a Sentenza do TXUE do 11 de decembro de 2014». O presente real decreto lei dá resposta a esta proposición non de lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social e do ministro de Fomento e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto do presente real decreto lei é consolidar o marco de liberalización do réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías iniciado coa entrada en vigor do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, dando cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, ditada no Asunto C-576/13 (procedemento de infracción 2009/4052).

Artigo 2. *Modificación da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.*

A Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo parágrafo ao final do artigo 1 coa seguinte redacción:

«Os centros portuarios de emprego que se poidan crear ao abeiro do establecido no Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, operarán como empresas de traballo temporal específicas do sector da estiba portuaria, coas particularidades previstas no capítulo V desta lei e no seu regulamento de desenvolvemento.»

Dous. Engádesse un novo capítulo V coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO V

Centros portuarios de emprego

Artigo 18. *Centros portuarios de emprego.*

1. Os centros portuarios de emprego teñen por exclusivo obxecto o emprego de traballadores da estiba portuaria para a súa posta á disposición, de forma temporal, de empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais portuarios, así como a formación profesional daqueles, a cal tamén poderá realizarse mediante o resto de alternativas previstas legalmente.

2. As empresas que formen parte dun centro portuario de emprego deberán ser titulares da licenza do servizo portuario de manipulación de mercadorías e obter unha autorización administrativa previa, segundo o previsto no artigo 2, coas seguintes especialidades:

a) Na súa denominación incluírán os termos «centro portuario de emprego» ou a súa abreviatura «CPE», en lugar dos termos «empresa de traballo temporal» ou a súa abreviatura «ETT».

b) Para efectos do establecido no punto 3 do artigo 2, o número mínimo de traballadores con contrato de duración indefinida con que deberá contar o centro portuario de emprego para prestar servizos como persoal de estrutura baixo a súa dirección calcularase en función do número de días de posta á disposición do persoal de estiba contratado temporalmente no ano anterior. En todo caso, ao inicio da súa actividade deberá contar, ao menos, con dous traballadores de estrutura con contrato de duración indefinida, mínimo que deberá manterse durante todo o tempo de actividade do centro portuario de emprego.

3. A garantía financeira que os centros portuarios de emprego deberán constituír e manter actualizada, nos termos e para os fins previstos no artigo 3 desta lei e nas súas normas de desenvolvemento, deberá alcanzar o dez por cento da masa salarial do exercicio económico inmediato anterior correspondente ao persoal de estiba portuaria que fose empregado baixo unha modalidade de contratación temporal para ser posto á disposición das empresas a que se refire o punto 1, sen que en ningún caso este importe poida ser inferior a vinte e cinco veces o salario mínimo interprofesional, en cómputo anual, vixente en cada momento.

4. A obriga de remitir á autoridade laboral a relación de contratos de posta á disposición subscritos a que se refire o artigo 5.1, así como a obriga de entrega de documentación aos representantes dos traballadores, establecida no artigo 9, entenderanse referidas unicamente aos traballadores portuarios contratados temporalmente.

Artigo 19. *Contratos de posta á disposición de traballadores portuarios.*

1. Os contratos de posta á disposición subscritos polos centros portuarios de emprego con empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais, para pór á disposición destas últimas traballadores portuarios contratados polos primeiros, rexeranse polo disposto no capítulo II desta lei coas particularidades que se establecen nos puntos seguintes.

2. Os contratos de posta á disposición de traballadores portuarios poderán subscribirse para cubrir necesidades de persoal de estiba propias do servizo de manipulación de mercadorías das empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais.

3. Entenderanse como necesidades do servizo portuario de manipulación de mercadorías e dos servizos comerciais portuarios as que demanden a atención, de modo estable ou de forma temporal, das actividades definidas dentro dos ditos servizos na Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Artigo 20. *Relacións laborais nos centros portuarios de emprego.*

1. Os contratos de traballo subscritos polos centros portuarios de emprego con traballadores portuarios para seren postos á disposición das empresas a que se refire o artigo anterior poderán concertarse por tempo indefinido ou por duración determinada.

2. Os contratos de traballo por tempo indefinido concertaranse por escrito nos termos previstos no artigo 8 do Estatuto dos traballadores e con suxeición ás formalidades e ao modelo que se establezan na negociación colectiva.

Nestes casos, as correspondentes ordes de servizo poderán ser remitidas aos traballadores portuarios a través de medios electrónicos nos termos que se acorden na negociación colectiva. Do mesmo modo se poderá facer chegar a comunicación das ordes de servizo ás empresas usuarias.

3. Os contratos de traballo de duración determinada que subscriban os centros portuarios de emprego rexeranse polo disposto no capítulo III desta lei, coas particularidades seguintes:

- a) Os contratos temporais de estibadores portuarios formalizaranse por escrito, de acordo co establecido para a modalidade de contratación de que se trate.
- b) Mediante a negociación colectiva poderanse determinar criterios de conversión de contratos temporais en indefinidos.

4. As mencións á negociación colectiva contidas neste artigo deben entenderse exclusivamente referidas á realizada no sector de estiba, seguindo en todo caso a prioridade aplicativa dos convenios prevista no artigo 84.2 do Estatuto dos traballadores e tendo en conta o previsto na disposición adicional segunda do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio.

Artigo 21. *Relación do traballador portuario coas empresas usuarias.*

1. As facultades de dirección, organización e control da actividade laboral dos traballadores portuarios contratados polos centros portuarios de emprego corresponderán á empresa titular da licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais portuarios durante o período de posta á disposición.

2. As empresas titulares de licenzas de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais portuarios a cuxa disposición sexan postos traballadores portuarios ocuparán o mesmo lugar que as demais usuarias respecto das empresas de traballo temporal, e deberán cumprir as obrigas que establece o capítulo IV desta lei e as restantes normas que lles resulten de aplicación.

3. Os traballadores portuarios cedidos por centros portuarios de emprego posuirán fronte ás empresas usuarias todos os dereitos que lles recoñece esta lei, así como os que se poidan establecer mediante a negociación colectiva.

4. O disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos traballadores non será de aplicación respecto das empresas usuarias titulares de licenzas de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais portuarios.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Normas específicas para o sector da estiba portuaria.*

Ás empresas de traballo temporal que realicen a actividade de posta á disposición de persoal de estiba portuaria seranlles de aplicación as normas previstas para os centros portuarios de emprego nos puntos 2.b) e 3 do artigo 18, respecto deses traballadores.»

Artigo 3. *Facultades de organización e dirección.*

1. Corresponde á empresa titular da licenza de servizo portuario de manipulación de mercadorías, na súa condición de empregadora, o exercicio das facultades de dirección, organización e control da actividade laboral dos traballadores portuarios, nos termos previstos no artigo 20 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro. Idénticas facultades corresponden á empresa no caso de que a contratación dos traballadores portuarios se realice por medio de centros portuarios de emprego ou empresas de traballo temporal.

2. Entre as facultades de dirección e organización a que se refire o punto anterior enténdese incluída a de designar o persoal necesario para realizar cada unha das actividades portuarias.

O establecemento de medidas orientadas a lograr unha maior flexibilidade e que permitan garantir a mellora da produtividade e da calidade do emprego no sector levarase a cabo nos termos que se determinen na negociación colectiva. A negociación levarana a cabo os suxeitos lexitimados para negociar conforme as regras sobre estrutura da negociación colectiva e o réxime de prioridade de aplicación dos convenios colectivos establecido no Estatuto dos traballadores.

3. De acordo cos principios de regulación eficiente e favorecedora da competencia, e sempre cumprindo as normas de prioridade aplicativa dos convenios que estableza o Estatuto dos traballadores, as organizacións sindicais e asociacións empresariais poderán acordar, entre as medidas complementarias para a mellora da competitividade dos portos, regras sobre a adscrición do persoal ás tarefas portuarias, estabilidade e calidade no emprego, regulación do tempo de traballo, mobilidade funcional e polivalencia, ou sobre clasificación e formación profesional, entre outras.

4. As medidas de flexibilidade que se pacten poderanse incorporar aos acordos laborais ou á negociación colectiva na forma e condicións que as partes acorden.

Artigo 4. *Estabilidade e calidade no emprego.*

1. Co fin de garantir o principio de estabilidade no emprego, as organizacións sindicais e asociacións empresariais poderán establecer, mediante un acordo ou un convenio colectivo, as medidas de subrogación necesarias para o mantemento do emprego dos traballadores que, na entrada en vigor do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, estivesen prestando servizos portuarios de manipulación de mercadorías e sigan prestándoos cando entre en vigor o presente, nos supostos previstos nos seguintes puntos.

2. Cando as empresas titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías opten por deixar de ser accionistas da SAXEP, de acordo co previsto na disposición transitoria primeira do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, producíndose o decrecemento da actividade desta última, procederá a aplicación do mecanismo subrogatorio cando así se acorde conforme o disposto no punto 1. Igual facultade negociadora disporán as citadas organizacións cando os socios das SAXEP opten pola súa disolución. O mecanismo subrogatorio que, de ser o caso, poida acordarse deberá ser transparente, obxectivo e equitativo, de acordo cos principios e garantías que informan o artigo 44 do Estatuto dos traballadores.

3. Non obstante o previsto nos puntos anteriores, nos casos en que conforme a disposición transitoria primeira do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, as SAXEP opten por transformarse en centros portuarios de emprego, o novo centro portuario subrogarase na posición de empregador dos traballadores das SAXEP unha vez consumada a sucesión da actividade relativa ao emprego de traballadores da estiba portuaria para a súa posta á disposición, de forma temporal, entre empresas titulares de licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autorización de servizos comerciais portuarios, respectando en todo caso o establecido no artigo 44 do Estatuto dos traballadores.

4. As facultades conferidas polo presente artigo aos axentes sociais poderanse exercer exclusivamente durante o período transitorio establecido no Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio.

Artigo 5. *Modificación do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías dando cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, ditada no Asunto C-576/13.*

O artigo 3.1 do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, dando cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, ditada no Asunto C-576/13, queda modificado nos seguintes termos:

«1. As actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías deberán ser realizadas por traballadores que obtivesen o certificado de profesionalidade establecido no anexo VIII (Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo) do Real decreto 988/2013, do 13 de decembro, polo que se establecen nove certificados de profesionalidade da familia profesional marítimo-pesqueira.

Tamén poderán realizar actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías os traballadores pertencentes aos grupos profesionais 0 (auxiliar) e I (especialista) do IV Acordo para a regulación das relacións laborais no sector da estiba portuaria, ou os que no futuro os substitúan, que, baixo un contrato para a formación e a aprendizaxe, se encontren cursando o certificado de profesionalidade definido anteriormente, en alternancia da formación teórica coa actividade laboral retribuída. A través da actividade realizada con este contrato de formación e aprendizaxe quedarán acreditadas as horas correspondentes ao módulo de prácticas profesionais non laborais necesario para obter o certificado de profesionalidade «Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo-Nivel 2.»

Disposición adicional primeira. *Informe de evolución.*

Con periodicidade anual, comezando un ano despois da entrada en vigor do presente real decreto lei, o Ministerio de Fomento remitirá á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos un informe que recolla a evolución da liberalización do sector da estiba. En particular, ese informe deberá reflectir a evolución do emprego e os fluxos de entrada e saída de traballadores á estiba, a contratación dentro e fóra dos centros portuarios de emprego, as condicións laborais, as magnitudes básicas do sector de formación de estibadores e o impacto de todo isto sobre a competitividade portuaria española.

Disposición adicional segunda. *Normativa convencional.*

1. No prazo máximo de nove meses desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, as normas convencionais vixentes deberán adaptarse ao disposto nel, no Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, e no artigo 49 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

2. Transcorrido o dito prazo, as disposicións dos convenios colectivos que incumplan o previsto no parágrafo precedente serán nulas de pleno dereito.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados:

1.º O punto 2 da disposición derradeira terceira e o anexo I do Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, dando cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro de 2014, ditada no Asunto C-576/13 (procedemento de infracción 2009/4052).

2.º A disposición derradeira cuadraxésimo terceira da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas que corresponden ao Estado en materia de lexislación laboral, facenda xeral e débeda do Estado, e portos de interese xeral, de conformidade co disposto no artigo 149.1. 7.ª, 14.ª e 20.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei, engádesse un novo parágrafo ao punto 4 do artigo 75 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, coa seguinte redacción:

«Tampouco será de aplicación o mínimo por operación en concepto de aterraxe e servizos de tránsito de aeródromo nos aeroportos españois da rede Aena SME, S.A., no caso das operacións regulares comerciais de helicópteros con orixe nos heliportos de Ceuta e Algeciras.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia indefinida modifícase o punto un do artigo 67 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Un. Servicios y Estudios para la Navegación Aérea y la Seguridad Aeronáutica SME MP, S.A. (Senasa) terá a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado, e daqueles entes, organismos e entidades vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado, xa se rexan polo dereito público ou privado, sempre que teñan a condición de poderes adjudicadores, de conformidade co artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e estará obrigada a realizar os traballos que lle encomenden nas seguintes materias:

- a) Actuacións, traballos e estudos necesarios para a comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos para o exercicio das súas funcións por parte do persoal aeronáutico civil.
- b) Traballos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos para a realización das operacións aéreas. Estudos e proxectos técnicos relativos á operación de aeronaves.
- c) Traballos e estudos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos exixidos para a certificación de produtos e pezas aeronáuticos.
- d) Traballos e estudos necesarios para constatar o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e mantemento das licenzas e autorizacións de explotación das compañías aéreas e das autorizacións necesarias para a realización de traballos aéreos, transporte privado, voos locais e outras actividades de tráfico aéreo.
- e) Traballos, estudos e proxectos técnicos para a xestión das subvencións ao transporte aéreo e queixas de usuarios.
- f) Traballos, estudos e proxectos técnicos para implantar e manter os requisitos de seguridade, mantemento, operación, xestión e supervisión dos sistemas de navegación aérea e das instalacións aeroportuarias.
- g) Traballos de colaboración técnica coa Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil e coa Comisión de Estudio e Análise de Notificacións de Incidentes de Tránsito Aéreo.
- h) Traballos, estudos e proxectos de colaboración e cooperación coas autoridades e organismos aeronáuticos doutros Estados e con organismos aeronáuticos internacionais.

i) Traballos de colaboración técnica en materia de formación aeronáutica, incluído o desenvolvemento de programas e ferramentas de formación asistidos por ordenador, así como as demais actividades complementarias ou accesorias destas.

j) Traballos, estudos e proxectos de colaboración técnica en materia de procedementos e simulacións operativas relacionados co sector aéreo, así como as demais actividades complementarias ou accesorias destas.

k) Operación de aeronaves, traballos aéreos e as actuacións e traballos necesarios para os levar a cabo, a xestión da aeronavegabilidade e o mantemento, o deseño e a produción de compoñentes ou equipamentos, e aeronaves, así como as demais actividades complementarias ou accesorias destas.

l) Prestación de servizos de consultoría, realización de estudos, asistencias técnicas, redacción, execución e supervisión de proxectos, incluídos os de seguridade, ambientais, de investigación e innovación, relacionados coa enxeñaría aeronáutica e as súas aplicacións.

m) Calquera outra actividade diferente das anteriores, que así se estableza nos seus estatutos e estea incluída no obxecto social de Senasa, de acordo co disposto no artigo 32.2.d) da Lei 9/2017, do 9 de novembro.

A actuación de Senasa como medio propio axustarase aos requisitos e condicións establecidos no artigo 32 da Lei 9/2017, do 9 de novembro.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de marzo de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN